

**ECONOMÍA DA EMPRESA**

1. [1 pto.] Indique la diferencia entre costes directos e indirectos e ilustre con un ejemplo.
2. [1 pto.] Indique la diferencia entre un monopolio y un oligopolio.
3. [1 pto.] Indique la diferencia entre impuestos directos e indirectos e ilustre con un ejemplo.
4. [3 ptos.] La siguiente tabla muestra información sobre dos proyectos de inversión:

Proyecto de Inversión	Desembolso inicial	FLUJOS DE CAJA			
		1.º Año	2.º Año	3.º Año	4.º Año
X	20.000	15.000	14.000	20.000	12.000
Z	14.000	13.000	-10.500	16.000	10.800

Si el tipo de interés es del 3%, seleccione el proyecto más rentable según los métodos del Valor Actual Neto (VAN) y del plazo de recuperación o *Pay-back*. Calcule los valores para cada método, indicando las operaciones, y justifique la respuesta.

5. A partir de la siguiente situación patrimonial a 31 de diciembre (miles de euros):

Clientes	2.800	Materias primas	1.500
Reservas legales	5.800	Bancos cuenta corriente	6.000
Proveedores	4.000	Préstamos bancarios a largo plazo	3.000
Elementos de transporte	3.000	Maquinaria	8.000
Préstamos bancarios corto plazo	7.000	Construcciones	6.000

- 5.1) [1 pto.] Clasifique el balance en masas patrimoniales y calcule el importe de capital social
- 5.2) [1 pto.] Comente la situación financiera de la empresa a corto plazo basándose en el valor del fondo de maniobra

6. Una empresa que cuenta con un activo total de 15.000 euros, proporciona la siguiente información financiera a 31 de diciembre:

Beneficio antes de intereses e impuestos	900€	Tipo de interés de la financiación ajena	4%
Proporción de financiación ajena sobre activo total	70%	Tasa impositiva impuesto sociedades	35%

En base a esta información, calcule

- 6.1) [1 pto.] La rentabilidad económica [RE = Beneficio antes de intereses e impuestos/Activo total]
- 6.2) [1 pto.] La rentabilidad financiera [RF = beneficio después de impuestos/recursos propios]

**ECONOMÍA DA EMPRESA**

1. [1 pto.] Indique a diferenza entre custos directos e indirectos e ilustre cun exemplo
2. [1 pto.] Indique a diferenza entre un monopolio e un oligopolio
3. [1 pto.] Indique a diferenza entre impostos directos e indirectos e ilustre cun exemplo
4. [3 ptos.] A seguinte táboa mostra información sobre dous proxectos de investimento:

Proxecto de investimento	Desembolso inicial	FLUXOS DE CAIXA			
		1. <sup>er</sup> Ano	2. <sup>o</sup> Ano	3. <sup>er</sup> Ano	4. <sup>o</sup> Ano
X	20.000	15.000	14.000	20.000	12.000
Z	14.000	13.000	-10.500	16.000	10.800

Se o tipo de xuro é do 3%, seleccione o proxecto máis rendible segundo os métodos do Valor Actual Neto (VAN) e do prazo de recuperación ou *Pay-back*. Calcule os valores para cada método, indicando as operacións, e xustifique a súa resposta.

5. A partir da seguinte situación patrimonial a 31 de decembro (miles de euros):

Cientes	2.800	Materias primas	1.500
Reservas legais	5.800	Bancos conta corrente	6.000
Provedores	4.000	Préstamos bancarios a longo prazo	3.000
Elementos de transporte	3.000	Maquinaria	8.000
Préstamos bancarios curto prazo	7.000	Construcións	6.000

- 5.1) [1 pto.] Clasifique o balance en masas patrimoniais e calcule o importe de capital social
- 5.2) [1 pto.] Comente a situación financeira da empresa a curto prazo tendo en conta o valor do fondo de manobra
6. Unha empresa que ten un patrimonio total de 15.000 euros achega a seguinte información financeira a 31 de decembro

Beneficios antes de xuros e impostos	900€	Tipo de xuro de financiamento alleo	4%
Proporción de financiamento alleo sobre activo total	70%	Taxa impositiva imposto sociedades	35%

En base a esta información, calcule

- 6.1) [1 pto.] A rendibilidade económica [RE = Beneficio antes de xuros e impostos/Activo total]
- 6.2) [1 pto.] A rendibilidade financeira [RF = beneficio despois de impostos/recursos propios]

## ECONOMÍA DA EMPRESA

### **Pregunta 1**

Valorarase 0,25 puntos pola correcta definición de cada concepto, e 0,25 puntos pola xustificación/exemplos. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

### **Pregunta 2**

Valorarase 0,5 puntos pola correcta definición de cada concepto. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

### **Pregunta 3**

Valorarase 0,25 puntos pola correcta definición de cada concepto, e 0,25 puntos pola xustificación/exemplos. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

### **Pregunta 4.**

Cálculo correcto dos indicadores para cada proxecto: 1 punto. Elección final correcta e razoada: 1 punto. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo. Na interpretación do resultado, ademais de considerar a medida en que se axusta a resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

### **Pregunta 6.**

Utilización da expresión matemática: 1 punto. Cálculo correcto de cada compoñente da expresión matemática: 0,2 puntos por cada un. Cálculo final: 0,4 puntos. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.

### **Pregunta 6**

Cálculo de cada rendibilidade: 1 puntos. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.